

## LABORATORIO DE FORMAS

**LABRANHA, ANTON**

*IES San Clemente*

*Departamento de Ciencias Aplicadas, USC*

Neste ano de 2020 conmemórase o centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo. Un grupo de persoas da sociedade civil, autodenominado ALENTO ESBRAVEXO, está a levar adiante unha homenaxe on-line publicando diariamente no seu blog unha colaboración: arte, artesanía, poesía, relato, investigación... a prol de fortalecer e recuperar a memoria cultural galega a través da figura de Isaac e da súa obra.



O Laboratorio de Formas foi fundado na Arxentina por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane alá polo 1963. Xurde da confluencia de emigración e exilio como un gran proxecto dinamizador do proceso de reconstrución da identidade galega no cal, entre outros moitos logros, destaca a recuperación da antiga fábrica de Sargadelos.

Nesta colaboración intento reflectir unha serie de impresións da presenza engaiolante das “formas” nas figuras cerámicas elaboradas e do seu poder evocador e contextualizante. Andar sempre á procura da beleza, mesmo cando nos mergullamos nos rigores e nas abstraccións da Ciencia; á procura da beleza das formas que teñen alma e das almas que, coma a de Isaac, dan forma ao soño, á esperanza, á nostalgia, á voz, ao grito... á canción.

Comentarei, polo seu interese xeométrico, seis coñecidas figuras cerámicas de Sargadelos:



Con estes exemplos poderemos albiscar ese aquel incesante, transversal, subxacente como cerna na obra incitada por Isaac; un aquel que recende a memoria, a recuperación, a loita contra o esquecemento: ese agoiro que a historia mítica remonta ao ano 138 a.n.e. cando o xeneral romano Décimo Xunio Bruto ao mando das súas lexións cruzou o río Limia, o noso Lethes ou Flumen Oblivionis (traspasándoo, entrábase nun mundo ignoto e sen retorno... porque xa nada do propio pasado se lembraría).

*“.../ foron tantas as saudades enxugadas/ que quixéramos crear un novo río.”*